

(FCG/af)

**DECRETO:** Ourense, 27 de novembro de 2018

De conformidade co que dispoñen os artigos 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 78, 80 e 82 do ROF, do 28 de novembro de 1986 e normas concordantes –e para os efectos do artigo 58 do citado ROF-, convócase sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial.

**DÍA:** venres, 30 de novembro de 2018.

**HORA:** 10.00 horas en primeira convocatoria\*.

**LUGAR:** Salón de sesións do Pazo Provincial.

\*Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois.

### **ORDE DO DÍA**

#### **Apartado resolutivo:**

- 1.- Acta da sesión anterior correspondente á ordinaria do día 26 de outubro de 2018.
- 2.- Moción conxunta dos grupos políticos da Corporación en relación co escrito presentado pola Plataforma Procapd Ourense.
- 3.- Programa de cooperación coas entidades locais en materia de servizos sociais Benourense persoal técnico 2019.
- 4.- Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Red.es e a Deputación Provincial de Ourense para o desenvolvemento do Plan nacional de territorios intelixentes da axenda dixital para España (CO75/18-SP).
- 5.- Modificación do convenio de colaboración asinado entre a C.H. do Miño-Sil, a Deputación de Ourense e o Concello da Veiga para o financiamento, execución e entrega, para o seu mantemento e conservación, das obras do proxecto acondicionamento, protección e mellora da conectividade das marxes do río Xares ao seu paso polos núcleos de Xares, Ponte e Baños (A Veiga).
- 6.- Cambio de data do Pleno do mes de decembro de 2018.
- 7.- Moción do BNG sobre o espolio enerxético.
- 8.- Moción do Grupo Socialista sobre actuacións contra a despoboación e envellecemento na provincia de Ourense.
- 9.- Moción de Democracia Ourensana relativa á implantación e desenvolvemento dun polígono agropecuario no Monte Medo.
- 10.- Moción do Grupo Socialista sobre a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á campaña En Negro Contra As Violencias.
- 11.- Moción de Democracia Ourensana relativa a instarlle á Xunta para construír un circuíto de automobilismo.
- 12.- Mocions de urxencia.

#### **Apartado de control e fiscalización do goberno provincial**

- 13.- Dación de conta das seguintes relacións de decretos:
  - Presidencia: mes de outubro de 2018 e do 1º adicional de setembro de 2018.
  - Deputado delegado de Facenda: mes de outubro de 2018 e dos seguintes adicionais: 4º de marzo, 3º de abril, 4º de maio, 2º de agosto e 1º de setembro de 2018.
  - Deputado delegado de Administración Provincial: mes de setembro de 2018 e do 1º

adicional de setembro de 2018

- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de outubro de 2018.

- Relación decretos de deputados que teñen delegada a presidencia de comisións (de febreiro de 2018 a outubro de 2018).

14.- Rogos e preguntas.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente na data indicada. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,